



CIRCULAR 54-2021.

XXXIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA MÁSTER EN PISTA AO AIRE LIBRE

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Delegación da F.G.A. en Pontevedra co patrocinio do Concello de Pontevedra organizará, por designación da Xunta Directiva deste organismo, o Campionato Xunta de Galicia de Máster de Aire Libre o día 29 de maio de 2021.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2021.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **20:00 horas do luns 24 de maio de 2021.**

Art.4).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

Art.5).- Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.6).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada proba en cada categoría, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, por diante agás a pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.

Art.8).- Ao longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida. A priori todos os atletas estarán confirmados nas probas nas que foran aceptados. En caso de non poder facer algunha proba pola limitación deberá darse de baixa antes do mércores 26 de maio as 10:00 am.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.9).- Horario provisional (publicarase o horario definitivo coas inscricións)

HORARIO DO CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER - XORNADA DE MAÑÁ					
HORA	CARREIRAS	LONX/TRIPLO	PESO	LANZAM. LONGOS	ALTURA
9:45	5 Km M-H				Altura M
10:00				Disco H (M50 e Sup.)	
10:25	400 m.v. H				
10:32	5000 H		Peso M		
10:52	5000 H			Disco H (M35/40/45)	
11:12	5000 H				Altura H
11:27	5000 H		Peso H (M50 e Sup.)		
11:50	5000 M			Disco M	
12:05					
12:20	5000 M				
12:40				Xavelina H (M35/40/45)	Pértega H-M
12:50	5000 M				
13:00					
13:20	800 H		Peso H (M35/40/45)		
13:45				Xavelina H (M50 e Sup.)	
14:00	800 M				
14:20	1500 H				
14:30				Xavelina M	
15:00	1500 M				
HORARIO DO CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER - XORNADA DE TARDE					
17:00	110 MV H			Martelo H (M50 e Sup.)	
17:15	100 MV H	Lonxitude H (M35/40/45)			
17:25	100 H				
17:48				Martelo M	
18:04	100 M				
18:28	400 H	Lonxitude M-H (M50 e Sup.)			
18:36				Martelo H (M35/40/45)	
19:00	400 M				
19:10				M. Pesado M-H (M50 e Sup.)	
19:25	3000 Obs. (0,91)	Triplo H-M			
19:55	200 H				
20:04				M. Pesado H (M35/40/45)	
20:35	200 M				

Probos de Relevos: Pendente



SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN Á CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 15min antes da hora oficial da proba

Concursos : 25min antes da hora oficial da proba

* Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

* Os atletas terán a obrigaón de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada

Art.10).- En todas as carreiras, a confección de series realizarase en función das categorías.

Art.11).- Cada atleta só poderá inscribirse nun máximo de 2 probas. En probas de concursos será necesario acreditar unha marca, da tempada en vigor ou das dos anteriores (isto non asegura a súa participación) En carreiras só poderá participar nunha que supere os 1000 metros. Para a proba de 5000 limitarase o número de participantes a 32. No resto de carreiras admitirase un mínimo de 4 atletas por categoría e proba, no caso de non completarse as series admitiranse cantos máis permita o horario. Terán preferencia atletas con marca.

Art. 12).- Haberá mellora para os 8 mellores de cada concurso, no caso de ser mixto pasarán a metade de cada sexo. No caso de que a participación sexa moi alta e o horario non permita facer mellora, faranse 4 intentos.

Art.13).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

Art.14).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.15).- O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, para os/as adestradores/as e delegados/responsables dos clubs participantes, una vez sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.16).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.17).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 12 de maio de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo